Estudo modélico

Lectura, interpretación e canon

ARMANDO REQUEIXO

Anxo Angueira, poeta e narrador de relevo, acaba de publicar *A espiral no espello*, longa monografía froito da súa Tese de Doutoramento na que profunda naquilo que o seu subtítulo anuncia: a novela "*Bretaña, Esmeraldina* e o sistema literario galego".

Como non podía ser doutro xeito tratándose dun texto académico, o volume está inzado de abondoso material bibliográfico de apoio e usufrutúa teorías postestruturalistas –nomeadamente sistémicas– para achegarnos a fulcral significación sociopolítica e identitaria que agocha a narración de Méndez Ferrín, amálgama de novela fantástica e lírica, tamén simbólico-social, na que poden distinguirse diversos niveis de lectura e destinatarios internos da mensaxe que as súas páxinas tracexan.

A espiral no espello defende unha consideración de partida que é dificilmente obxectivable; velaí: "propuxémonos demostrar que a novela tivo vocación de intervir decididamente no sistema literario galego e mesmo de ocupar, cousa que para nós conseguiu, un lugar central dentro do mesmo en canto que, dito moi en liñas xerais, se pronunciaba con notoria personalidade sobre o campo político e o campo literario galegos".

Que *Bretaña, Esmeraldina* tivo vocación de intervir decididamente no sistema literario galego e mesmo de ocupar un lugar central dentro do mesmo é innegable, entre outras cousas porque eu entendo que iso pretenden todas e todos os nosos autores cando dan ao prelo unha obra, pois é unha aspiración ben lexítima. Que Angueira considere que conseguiu ocupar un lugar central dentro do mesmo é defendible, pero só a realidade sistémica galega pode confirmar ou invalidar esa percepción. Porque está claro que aquí as interpretacións seguramente non sempre habían coincidir para todos coa aseveración de Angueira, e é que unha cousa é demostrar a valía (intra)textual da novela e outra moi diferente poder afirmar que extratextualmente esa obra foi recepcionada inseríndoa nun lugar de privilexio no centro mesmo do canon sistémico.

Ora ben, os estudosos das cuestións histórico literarias saben –sabemos – que os canons literarios están en constante reorganización, son variables e sensibles a factores moi diversos, entre eles, por suposto, que determinadas obras sexan reconsideradas con traballos académicos de impecable rigor na súa factura filolóxica e analítico-literaria, pois este tipo de atencións ensaísticas focalizan a atención neses títulos e devólvenos á comunidade iluminados, conseguindo transparentar neles valores e acertos que talvez pasaron no seu momento desapercibidos, pola causa que for, e que se cadra non deixaron estimalos convenientemente. Nesa liña cómpre inscribir este moi documentado e serio *A espiral no espello* de Anxo Angueira, sen dúbida modélico pola acuidade e fondura coa que se debruza nun dos textos narrativos dun clásico moderno como é Xosé Luís Méndez Ferrín.

ANGUEIRA, Anxo, A espiral no espello, Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP. 32€